

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN FILLOS DE OURENSE (FUNDAOURENSE) DE VENEZUELA PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS E SANITARIAS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN VENEZUELA**

En Santiago de Compostela, 19 de abril de 2023


**REUNIDAS**

Dunha parte, a **Secretaría Xeral da Emigración**, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, de 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional primeira do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

E doutra, a **Fundación Fillos de Ourense, FUNDAOURENSE**, de Caracas, Venezuela, representada neste acto polo seu presidente, José Carlos Gómez Rodríguez, en virtude das facultades que lle outorgan os estatutos da entidade.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos deste convenio e para estes efectos,

**EXPOÑEN**



**Primeiro.-** As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en concordancia co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

**Segundo.-** De acordo co establecido no artigo 27 do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e en particular, as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e a representación e participación nos órganos e foros relacionados con elas que lle encomende a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.

**Terceiro.-** De acordo co citado Decreto 108/2022, do 16 de xuño, a Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas funcións o desenvolvemento de actuacións que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

**Cuarto.-** A Fundación Fillos de Ourense, en adiante, FUNDAOURENSE, é unha entidade xurídica civil sen fin de lucro, de carácter esencialmente benéfico, médico, de



asistencia e protección social, radicada en Caracas, que exerce a súa actividade en todo o territorio da República Bolivariana de Venezuela, e ten como obxectivos primordiais, entre outros, a protección á infancia, ás persoas anciás e a solución de problemas sociais.

Na actualidade esta fundación está a desenvolver un importante labor socio asistencial orientado á atención a persoas en situacións extremas de marxinación, de pobreza ou de abandono, destacando a busca, a través dun grupo de voluntariado, de persoas de orixe galega que poden atoparse nesa situación, tanto na rúa coma en institucións públicas, hospitais, residencias, fogares, etc., ás que lles presta axuda alimenticia, produtos de hixiene, consulta médica, medicinas, roupa ou simplemente compañía, no caso de persoas maiores con falta de protección familiar.

**Quinto.-** En Venezuela existe un número moi importante de persoas emigrantes españolas de orixe galega con necesidades urxentes de atención non cubertas, en especial persoas maiores ou con falta de ingresos, que precisan da atención da Xunta de Galicia para acadar unhas condicións de vida dignas, dadas as súas especiais circunstancias e a situación social e política que vive o país.

**Sexto.-** A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración con FUNDAOURENSE co obxecto de contribuír a prestarlle servizos de residencia e/ou de atención asistencial de urxencia ás persoas galegas residentes en Venezuela que non poden afrontar o custo das prestacións que precisan por razóns de exclusión social, falta de ingresos ou dependencia e ás que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración, dado que a entidade conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestar este servizo.

**Sétimo.-** A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrência pública, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por ser a única destas características.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida das persoas emigrantes galegas residentes en Venezuela que, por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, contén con ingresos mínimos e non poidan afrontar o custo das prestacións que precisan.

E, en virtude do exposto, ambas as dúas partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio de colaboración, consonte as seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Fundación Fillos de Ourense (FUNDAOURENSE) co fin de contribuír ao financiamento dos servizos de residencia e/ou de atención asistencial e/ou sanitaria de urxencia ás persoas de orixe galega residentes en Venezuela que, por

razóns de idade, marxinación, carencia ou de dependencia, se atopan en situación de necesidade e ás que non se pode chegar a través doutros mecanismos de colaboración.

### **Segunda.- Persoas beneficiarias**

Terán dereito á asistencia á que se refire este convenio as persoas que se atopen en calquera dos seguintes supostos:

1. Españolas de orixe galega; residentes legalmente en Venezuela, que sexan beneficiarias de pensións asistenciais por ancianidade, ao abeiro do establecido no Real decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados.

2. Españolas de orixe galega, beneficiarias de axudas do programa 1 da Orde TAS 561/2006, do 24 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras das concesións de axudas públicas correspondentes aos programas de actuación a favor dos emigrantes españois non residentes en España que carezan ou non teñan cobertura suficiente desta continxencia.

3. Persoas de orixe galega ou descendentes de galegos/as ata o segundo grao e persoas españolas de orixe galega, non incluídas nos supostos anteriores, que acrediten insuficiencia de recursos mediante informe socio ambiental, en aplicación dos criterios que se establecen no citado Real decreto 8/2008 para a estimación de carencia de rendas e ingresos, e que precisen de asistencia médica especializada, incluíndo intervencións cirúrxicas.

4. Persoas de orixe galega ou descendentes de galegos/as ata o segundo grao e persoas españolas de orixe galega que estean en situación de dependencia pola súa idade, minusvalía ou enfermidade, entendéndose por tal aquela situación na que a persoa non pode facer, sen axuda, determinadas actividades da vida diaria que se consideran esenciais para o desenvolvemento normal da súa autonomía persoal, familiar ou social; esta situación deberá acreditarse mediante o correspondente informe médico.

### **Terceira.- Crédito orzamentario**

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración comprométese a achegar unha contía de **trinta mil euros (30.000€)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

A contía da achega está destinada a sufragar os custos das obrigas derivadas do obxecto do convenio que se indican na cláusula oitava, así como os de persoal e de funcionamento regular das instalacións na medida en que sexan directamente imputables e contribúan ao seu cumprimento.

### **Cuarta.- Compatibilidade**

Esta axuda é compatible coa obtención doutras para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai realizar.

#### Quinta.- Prazos e modos de pagamento

Tras a sinatura deste convenio efectuarase un pagamento anticipado de **quinze mil seiscientos euros (15.600 €)**, atendendo ao disposto no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O importe restante librarase no momento en que a entidade beneficiaria xustifique na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda.

Por outra parte, á vista do establecido nos artigos 65.4 e 5 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade sen fin de lucro e ser o obxecto do convenio o desenvolvemento de programas de acción social, a entidade non está obrigada a constituír garantía.

#### Sexta.- Prazo e forma de xustificación

O prazo de xustificación deste convenio remata o 15 de outubro do 2023.

En virtude do disposto no título III, artigos 42 e 44, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación do convenio efectuarase na modalidade de conta xustificativa.

O pagamento do saldo pendente efectuarase contra a presentación de conta xustificada que conterá a seguinte información:

- Certificación acreditativa na que se exprese que a totalidade dos fondos foron empregados na consecución dos obxectivos do presente convenio, asinada por quen represente á entidade.

- Memoria final detallada das actuacións levadas a cabo ao abeiro do convenio asinada por quen represente á entidade, na que se farán constar os obxectivos acadados, o orzamento total do funcionamento e o colectivo atendido.

- Relación clasificada dos gastos coas actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

- Copia dos documentos xustificativos dos gastos relacionados, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que fosen efectivamente pagados durante o período de vixencia do convenio e con anterioridade á data de finalización da súa xustificación. Todos os documentos orixinais de gasto deben conter o seguinte estampillado con anterioridade á realización da copia: Importe imputado ao convenio de colaboración asinado coa Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia de forma  total  parcial. Importe que se imputa ao convenio (en caso de imputación parcial): ..... €.

Os gastos de persoal xustificaranse coas nóminas ou, no seu caso, con copia dos contratos de traballo e follas de salario asinadas pola persoa traballadora, onde quede

plenamente identificada a función e o período de traballo realizado, e xustificantes de pagamento dos gastos sociais derivados.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

Os pagamentos en efectivo poderán ser admitidos nos casos debidamente xustificadas por razóns xeográficas ou doutra índole, que serán acreditadas mediante declaración responsable do representante legal da entidade. Neste caso, a factura deberá estar asinada ou selada pola empresa ou entidade emisora e, ademais, deberá conter un selo que deixo constancia do devandito pagamento ("pagado", "cancelado", "en efectivo"...).

Excepcionalmente, se non puidese haber outra forma de xustificación, previa declaración responsable deste extremo polo/a representante legal da entidade, admitiranse recibos como documentos xustificativos dos gastos.

- Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración responsable na que se indique o lugar no que están depositados os orixinais dos documentos xustificativos dos gastos e do seu pagamento así como o compromiso de presentalos cando sexa requirido polo órgano xestor.

- No seu caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

- Relación das persoas atendidas por FUNDAOURENSE con cargo a este convenio. Esta relación incluírá nome e apelidos, DNI, data e provincia galega de nacemento ou de orixe destas persoas, así como o tipo de prestación efectuada.

Antes da sinatura do convenio e antes de facerse efectivo cada pagamento achegaranse as seguintes declaracións:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución, concedidas para os mesmos fins que son obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou de entidades privadas.

- Declaración responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e de non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificaren o importe total da subvención obxecto do convenio, sempre e cando se tivese acadado o seu obxecto, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado.

**Sétima.- Reintegro**

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados desde o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da citada lei de subvencións, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que haxa que minorar ou reintegrar serán os seguintes:

a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

b) Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

#### Oitava.- *Obrigas das partes*

1.- **FUNDAOURENSE** comprométese a:

- Prestar, previa identificación, ás persoas que reúnan os requisitos establecidos na cláusula segunda deste convenio, a axuda asistencial ou sanitaria demandada, nos seguintes termos:

- Desenvolverá actividades de carácter promocional, de estimulación e prevención entre a comunidade galega residente en Venezuela, co obxecto de detectar as súas necesidades e as persoas que precisen axuda.

- Prestar os servizos de axuda por persoal especializado, en función das necesidades e obxectivos das unidades familiares, dirixíndose prioritariamente aos supostos que presenten maior estado de necesidade.

- Dispor do equipo humano necesario para o desenvolvemento dos servizos, que contará en todo caso con traballadores/as sociais e persoal especializado para atender as persoas beneficiarias.

- Recibir as peticións para a súa avaliación e elaborar os informes socio ambientais necesarios para a xustificación da correspondente situación de dependencia e necesidade do servizo das persoas solicitantes.

- Concertar con centros de emigrantes españois, de ser posible, acordos para prestar servizos de residencia destinados a persoas maiores ou de atención á calidade de vida.

Os expedientes coas propostas das persoas beneficiarias que se acollan aos programas amparados por este convenio, así como a contía individual imputada, serán elaborados por FUNDAOURENSE, aos que se acompañará un informe da situación individual de cada persoa beneficiaria, que xustifique a oportunidade de prestar o correspondente dereito ou servizo.

- Subministrar bolsas de produtos de primeira necesidade, alimenticios, hixiénicos, de aseo persoal, medicamentos, etc. (non serán atendibles con cargo a este convenio os medicamentos que se dispensen a través do programa medicamentos e servizos de saúde para os galegos e as galegas en Venezuela, concertado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a empresa RESCARVEN, C.A.).

- Desenvolver o programa de actuacións obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración sobre os resultados sociais desta iniciativa.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como os correspondentes logotipos.

- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.

- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei por parte da Secretaría Xeral da Emigración.

2.- A **Secretaría Xeral da Emigración** obrígase a:

- Achegar o importe do financiamento previsto na cláusula terceira, condicionado ao cumprimento do estipulado no convenio.

#### **Novena.- Modificación do convenio**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

2. Igualmente, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### **Décima.- Causas de resolución do convenio**

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución

2. Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

**Décimo primeira.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración.

**Décimo segunda.- Relación laboral**

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Secretaría Xeral da Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

A Secretaría Xeral da Emigración ou o persoal dela dependente non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado para a execución deste convenio.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento pola outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

**Décimo terceira.- Publicidade**

As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que

constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **Décimo cuarta.- Réxime xurídico**

Este convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Secretaria Xeral da Emigración. As partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003, do 17 de novembro e demais normativa de aplicación.

#### **Décimo quinta.- Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 25 de outubro do 2023, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de xaneiro do 2023.

#### **Décimo sexta.- Protección de datos**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril do 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.


En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares deste convenio, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O secretario xeral da Emigración



Antonio Rodríguez Miranda

O presidente de FUNDAOURENSE



José Carlos Gómez Rodríguez



R.I.F.: J-30272409 1